

Petís ^A Voltas



ENTROIDANZAS

Venres, 10 de abril ás 18h.

As máscaras acompañan ao ser humano. O Entroido é, na nosa cultura, o momento de poñela e coas máscaras veñen as transformacións, liberar tensións e divertírmonos. Sen movernos do lugar no que estamos, neste obradoiro poderemos bailar cos foliós en Ourense, ser corcovados italianos, cruzar o mar e converternos en demos en Lima ou mover os paraugas do Frevo no Brasil. Xogos e risas acompañarán esta divertida entroidada que facemos en abril, no mes da danza, para achegarnos en familia aos contidos da exposición temporal "Mask: alas e vento" que o Museo acolle até finais de abril.

- Dirixido a crianzas de 5 a 11 anos, acompañadas de persoas adultas.
- Máximo de 2 crianzas por 1 persoa adulta.
- Duración aproximada de 45 minutos.



MONTSERRAT RIVERA



Montserrat Rivera constrúe a súa traxectoria dende o compromiso profundo coa cultura tradicional galega e coa súa transmisión viva. Bailadora, pandeireteira, mestra e investigadora, entende o patrimonio inmaterial como unha experiencia compartida que se aprende co corpo, coa voz e coa memoria.

A súa andaina artística consolídase durante máis de tres décadas como integrante de Leilía, proxecto fundamental na renovación e proxección internacional da música tradicional galega. Paralelamente, desenvolve un intenso labor docente e de dirección artística, formando novas xeracións e acompañando procesos creativos en diferentes agrupacións.

Coa creación de Pesdelán aposta por levar o baile tradicional aos espazos familiares e educativos, reivindicando o acto de bailar como encontro interxeracional. A súa investigación etnográfica, sostida ao longo de máis de trinta anos, tradúcese nun valioso arquivo audiovisual e nun coñecemento profundo do vestiario, da tradición oral e das prácticas musicais e coreográficas de Galicia.

Na actualidade continúa creando, ensinando e asesorando, mantendo viva unha tradición que entende como herdanza, identidade e futuro.

- **PREZO**

De balde para persoas socias e desempregadas.

3'5€ prezo xeral. Redución por máis dunha crianza da mesma familia a 2€ por crianza.

- **INSCRIPCIÓN**

Até o 8 de abril en sevizadoseac@museodopobo.gal